



**TERCEIRA REUNIÓN DO FORO OCDE SOBRE
ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA**

**14-15 Setembro 2006
Seúl, Corea**

Declaración Final de Seúl

FORO SOBRE ADMINISTRACIÓN TRIBUTACIÓN

Seúl, 14-15 de setembro 2006

Compartir o Coñecemento dos Avances e Reformas nas Administracións Tributarias e os Retos que representan o Incumprimento das Normas Tributarias Nacionais no contexto Internacional

Declaración de Seúl

Durante estas dúas xornadas os Directores e Subdirectores das Administracións Tributarias de 35 economías nacionais reunímonos en Seúl, Corea, baixo os auspicios do Foro sobre Administración Tributaria (Forum on Tax Administration¹) da OCDE co fin de compartir as nosas preocupacións, experiencias e ideas.

(i) Avances Organizativos e Reformas tendentes a unha máis eficaz Administración Tributaria

De xeito crecente as institucións tributarias nacionais vense obrigadas a cumprir cun amplo abano de funcións que nos induce a unha necesaria adaptación continua das nosas estruturas organizativas co fin de cumprir coas devanditas obrigas. Non obstante, a actividade central de toda administración tributaria é a eficaz administración e aplicación da normativa fiscal. Iso implica a recadación de non máis (e non menos) das cantidades legalmente a cobrar de acordo coa normativa fiscal nacional. As axencias tributarias vense baixo constante presión para pechar a brecha fiscal - a discrepancia entre as cantidades a cobrar segundo a normativa e as cantidades recadadas. Con este fin fago todo o posible para ofrecer un sistema de administración fiscal eficiente, eficaz, e que ofrece un alto nivel de servizo aos contribuíntes e outros interesados e que, ao mesmo tempo, recada os fondos que a lei esixe para financiar os servizos públicos necesarios.

Os debates que celebramos, sobre a base das presentacións de varios países, mostran que as axencias tributarias teñen ante si unha serie motores de cambio que deben ser axeitadamente integrados ás actividades de planificación. Eles inclúen cambios na política fiscal: mandatos dos gobernos para mellorar a recadación e a oferta de servizos,

¹ O Foro creouse en 2002 co fin de promover a cooperación entre Administracións Tributarias e de desenvolver boas prácticas na Administración Tributaria. Nos últimos anos o Foro analizou unha gran cantidade de temas no campo de xestión de riscos, servizos ao contribuínte, cumprimento coa normativa e utilización de tecnoloxías modernas.

redución de recursos, o cal esixe que as autoridades fiscais "fagan máis con menos"; asumir novas funcións non fiscais; programas para reducir a carga normativa que soportan empresas e cidadáns; xestionar o impacto da globalización e avances tecnolóxicos; maiores niveis de contratación de persoal como resultado do rápido aumento da idade da forza laboral e unha tendencia cara a un enfoque que compromete á totalidade da administración na prestación de servizos públicos.

Concorremos na idea de que a integración destas forzas para o cambio se plasme en reformas coherentes, globais e realizables, constitúe un dos principais retos aos que se enfrenta toda administración tributaria, e que o Foro pode axudar a lograr ofrecendo a posibilidade de compartir experiencias, identificando boas prácticas na administración tributaria, reforzando a cooperación practica entre Administracións Tributarias. Neste contexto os delegados recibiron con agrado a última actualización na serie de documentos sobre información comparada do Foro que se publicarán en outubro do ano 2006.²

(ii) Facer fronte ao incumprimento da normativa fiscal no contexto internacional

Cada país difire dos demais no nivel e estrutura da súa tributación, pero todos - os de baixa e alta tributación, desenvolvidos e en vías de desenvolvemento - concordan que unha vez aprobada a normativa fiscal, esta debe facerse cumprir. Asegurar que as nosas respectivas normativas fiscais se cumpren dificultouse na medida que o intercambio comercial, a liberalización de capitais e os avances nas tecnoloxías de comunicación abriron o mercado global a unha gama de contribuíntes moito mais ampla. Aínda que un ámbito económico máis aberto favorece os intercambios comerciais e o crecemento global, pode levar tamén a estruturas que desafían a normativa fiscal, e plans ou mecanismos que poden utilizar tanto os contribuíntes nacionais como estranxeiros de xeito abusivo para facilitar o incumprimento das nosas lexislacións fiscais nacionais. A nosa obriga, en tanto que responsables das Administracións Tributarias dos nosos respectivos países, é garantir que todos os contribuíntes respecten a normativa fiscal nacional, incluíndo aqueles cuxas actividades se realizan máis alá das nosas fronteiras, todo iso mediante a aplicación eficaz da normativa e a adopción de medidas preventivas que impidan o incumprimento.

As deliberacións celebradas en Seúl confirmaron que o incumprimento no contexto

² Véxase *'Tax Administrations in OECD and Selected non-OECD Countries: Comparative Information Services (2006)'*, (versión en borrador na páxina web da conferencia; versión final a publicarse en outubro 2006).

internacional é un problema importante e crecente. O incumprimento transnacional pode presentarse de moitas maneiras, dende a fraude fiscal pura e simple ata a planificación fiscal agresiva. Por exemplo, utilizáronse contas offshore, sociedades fiduciarias offshore ou sociedades ficticias offshore en centros financeiros offshore ou noutros países para ocultar activos ou ingresos tributables, así como tarxetas de crédito emitidas en xurisdicións offshore para obter acceso a activos encubertos; certas empresas constituíron sociedades tapadeira offshore para desprazar beneficios ao estranxeiro, a miúdo utilizando facturas ficticias ou cobrando de máis (ou de menos) en transaccións entre entidades afiliadas, e algunhas empresas multinacionais (incluíndo institucións financeiras) utilizaron sistemas transnacionais máis sofisticados e/ou estruturas de investimento que abusan de tratados fiscais, manipulación de prezos de transferencia para desprazar artificialmente os seus ingresos cara a xurisdicións de baixa tributación e gastos cara a xurisdicións de alta tributación, que van máis alá de sistemas lexítimos de minimización fiscal.

As nosas deliberacións trouxeron á luz numerosas preocupacións no campo do goberno corporativo e o papel dos asesores fiscais e outras institucións en relación ao incumprimento e o crecemento de mecanismos inaceptables de mitigación da obriga tributaria. Constatamos igualmente un aumento nos fluxos de capital cara a fondos de investimento privado e as posibles consecuencias que pode ter para as autoridades tributarias.

Despois de compartir as nosas experiencias individuais para responder a estes retos acordamos que enfrontarse a este problema multifacético esixe respostas tanto no plano nacional como internacional. As Administracións Tributarias de cada país deben responder de distintas maneiras segundo os seus respectivos marcos normativos, políticos e económicos. No ámbito doméstico as devanditas respostas deben incluír:

- O uso de técnicas reforzadas e universais de xestión de riscos a nivel de organización e no plano operativo e compartir a nosa avaliación de risco co contribuínte.
- Maior consolidación do proceso de garantía de cumprimento, adoptando todas as medidas civís e penais pertinentes en casos de incumprimento e a dedicación de maiores recursos para a cooperación internacional.
- Analizar a necesidade de unidades dedicadas na organización para abordar a problemática do incumprimento offshore.
- Estudar o papel dos promotores na proliferación de refuxios fiscais transnacionais agresivos.

- Abordar a cuestión do papel das empresas de asesoría xurídica e fiscal, os bancos de investimento e outras institucións que fomentan o uso de refuxios fiscais para evitar o cumprimento das regras tributarias.
- Fomentar, por parte da alta dirección de grandes empresas (por exemplo, conselleiros delegados e Consellos de Dirección) un maior interese e maior responsabilidade, nas súas estratexias de planificación fiscal.
- Desenvolver un dirixido a facer participes á totalidade da administración na resolución de problemas ante a que se encontran as entidades responsables de facer respectar as normativas no novo ámbito de hoxe, máis aberto e globalizado.

Para que estas medidas sexan totalmente eficaces deben verse reforzadas mediante accións no marco internacional, incluíndo. O CFA, entidade matriz do FTA, e o FTA en si mesmo, actualmente traballan en diversos ámbitos para mellorar a cooperación internacional, estes inclúen aspectos como

- Compartir, facendo uso dos medios legais axeitados, información referente á identificación de sistemas fiscais e estratexias de mitigación que utilizan diferentes países.
- Reforzar e mellorar a aplicación das diferentes disposicións sobre o intercambio de información existentes nos textos dos acordos fiscais bilaterais e, de ser apropiado, desenvolver acordos de intercambio de información con centros financeiros offshore.
- Manter actualizadas as orientacións da OCDE e velar pola súa continua aplicación e deste xeito garantir a existencia de salvagardas para evitar o abuso ou uso indebido de tratados fiscais.
- Mellorar a cooperación práctica entre as axencias estatais responsables de facer respectar as normas contra o incumprimento.

Tamén recoñecemos que a actitude dos contribuíntes ante a súa obriga de pagar impostos responde a outros factores tales como a súa percepción da calidade dos bens e servizos públicos e o grao de confianza que teñen os cidadáns no Goberno en termos xerais.

Estamos comprometidos coa utilización de iniciativas nacionais, rexionais e multilaterais para lograr un maior cumprimento coa normativa tributaria dentro do marco de acordos bilaterais existentes, de ser necesario, analizar a necesidade de poñer en práctica novos instrumentos que axuden a detectar o incumprimento no ámbito internacional. Neste contexto identificamos catro campos de actuación nos que ou ben

iremos máis alá nas accións en curso ou iniciaremos novas accións baixos os auspicios da OCDE:

- Afondar na elaboración do directorio sobre mecanismos de planificación fiscal agresivos para identificar tendencias e definir medidas a tomar contra tales mecanismos.
- Analizar o papel dos intermediarios fiscais (por exemplo, sociedades de contabilidade e asesoría xurídica, outros asesores fiscais, e demais institucións financeiras) en relación ao incumprimento e a promoción de plans de mitigación tributaria inaceptables co fin de levar a cabo unha análise antes de final do ano 2007.
- Ampliar as Directrices sobre Bo Goberno Corporativo para outorgar maior atención á relación entre tributos e o concepto de bo goberno.
- Mellorar a formación dos funcionarios da Administración Tributaria na área da tributación internacional, traslado temporal de funcionarios entre administracións.

Os avances logrados mediante estas iniciativas serán obxecto de análise na nosa próxima reunión a celebrarse na República Surafricana a finais de 2007 ou a principios de 2008.

Finalmente, expresamos o noso agradecemento ao goberno de Corea por actuar como país anfitrión da terceira reunión do Foro sobre Administración Tributaria. O Anexo I inclúe unha lista das economías e organizacións participantes na reunión.

Foro sobre Administración Tributaria
Seúl, 14-15 de setembro 2006

Economías e organizacións participantes [*espéranse algunhas respostas*]

- Australia
- Austria
- Bélxica
- Bulgaria
- Canadá
- Chile
- China
- República Checa
- Dinamarca
- Finlandia
- Francia

- Alemania
- Hong Kong, China
- Islandia
- India
- Irlanda
- Italia
- Xapón
- Corea
- Malaisia
- México
- Países Baixos
- Nova Zelandia
- Noruega
- Polonia
- Singapur
- República Eslovaca
- Eslovenia
- República Surafricana
- España
- Suecia
- Suíza
- Turquía
- Reino Unido
- Estados Unidos
- Comisión Europea
- Fondo Monetario Internacional
- IOTA
- CIAT